

ANUNCIO HORARIO DE VERÁN DO CONCELLO DE MELIDE, 2026.

A alcaldía o día 11-06-2026, ditou a resolución con número 361/2026 que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: HORARIO DE VERÁN CONCELLO DE MELIDE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000393

ANTECEDENTES:

Logo de ver o anexo de persoal desta Corporación, aprobado inicialmente en sesión plenaria o 28/11/2024, xunto co orzamento correspondente ao exercicio 2025, publicado no BOP número 249 de 27 de decembro de 2024, unha vez exposto ó público (BOP núm. 232 de 02/12/2024).

Logo de ver que no anexo sobre o cadro de persoal constan as directrices sobre a xornada e calendario laboral dos/as traballadores/as do Concello de Melide, que a día de hoxe non foron modificadas e nas que se establece:

“(…) “Tipos de xornada laboral:

As xornadas labarais do persoal incluído no ámbito de aplicación das presentes directrices poderán ser dos seguintes tipos:

- 1. Xornada ordinaria: a duración máxima da xornada de Traballo será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais.*
- 2. Xornada de verán: durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro. ambos incluídos. establecerase unha xornada de traballo distinta á ordinaria, cuxa duración será determinada por Decreto de Alcaldía (...).”*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: determinar o seguinte horario laboral de verán 2026 dende o 16 de xuño de 2026 ata o día 15 de setembro de 2026, ambos os dous días incluídos:

De luns a venres de 08:30 a 14:30 h.

SEGUNDO: comunicar este acordo ós representantes dos traballadores e publicar este acordo na sede electrónica municipal.

Ordeno e asino en Melide, xoves 11 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario accidental da fe. Asdo: O secretario accidental / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para os efectos oportunos.

Asinado dixitalmente na data que se sinala na marxe.